

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	CARNOTA
Edificio	Igrexa de Santa María de Lira
Dirección	Rúa Lira, 64 15292
	42.799673 -9.126066
Protección	
Descrición	Santa María de Lira data do ano 1760 aínda que sufriu unha ampliación no ano 1825, dotándoa do seu aspecto actual. Destaca basicamente a rotundidade da súa planta, dunha soa nave, estreita e alongada, dividida interiormente en catro treitos por arco de medio punto con tirantes metálicos e bóveda de canón nos tres primeiros treitos; no correspondente ó presbiterio encontramos bóveda de crucería; dende aquí, e apegada á cabeceira, encóntrase a sancristía, moi reducida e de menor altura; ós pés da nave sitúase o coro, de madeira. Os muros de cantería presentan grande auteridade, que continúa no exterior. A súa continuidade tan só se ve interrompida polo remarque das pilastras do interior e polas fiestras situadas no medio de cada un dos panos intermedios, nalgúns casos convertidos en simples molduras. A cuberta é a dúas augas de tella curva, agás no presbiterio, que é a catro e que destaca pola súa maior altura. Na fachada principal encóntrase a escasa ornamentación da igrexa, cunha composición simétrica formada por un remate en frontón triangular con dous potentes pináculos nos extremos; e que descansa sobre catro pilastras que enmarcan a porta principal con lixeiras molduras e un óculo circular por riba dela. O conxunto remata cun campanario situado sobre o frontón nunha plataforma cadrada, formado por catro machóns unidos por arcos de medio punto rematados cunha cornixa e unha cupuliña sobre tambor octogonal.
Campás	Campás de Santa María de Lira (Carnota, A Coruña). A maior de 1889, anónima polo de agora. A menor de 1971 fundida pola Casa Cabrillo de Salamanca.
Fotos	1
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA
Data	14-01-2021

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Torre-campanario	Campá menor (1)	CABRILLO, CASA (SALAMANCA)	1971	67	174

Torre-campanario	Campá maior (2)		1889	74	235
------------------	---------------------------------	--	------	----	-----

Información completa: [Igrexa de Santa María de Lira - CARNOTA \(GALICIA\)](#)

PDF (05-07-2026)